



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urgente do 10 de agosto de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

27.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO, NOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DA CONCELEIRÍA DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE, MULTAS DE CIRCULACIÓN E LIQUIDACIÓNS DAS TAXAS PRACTICADAS POLA RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 16863/541.

Dáse conta da proposta de data 9/08/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) na seguinte orde descendente:

LICITADORA	TOTAL
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI)	96,36



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/08/2017 12:37

Páxina 1 de 2

Expediente 16863/541

Código de verificación: 2DE54-44A43-828CC-EBC2C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

UTE, ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, SA Y RECERCA I DESENVOLUPAMENT EMPRESARIAL, S.L. (AL)	82,43
COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. (CGI)	76,42
GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A. (GTT)	75,92
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN, S.L.	66,73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.991,45 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/08/2017 12:37

Páxina 2 de 2

Expediente 16863/541

Código de verificación: 2DE54-44A43-828CC-EBC2C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>